

Carreiras solidarias

“Alas de Vida” 2016

24 de
setembro



Non corras, voa!


debra
Working for a life free of pain.



Carreiras solidarias “Alas de Vida” 2016

(24 de setembro)

Para nós a palabra voar ten un significado especial. Vai máis alá do deporte misturándoo coa solidariedade. Creemos firmemente nesta relación. O deporte é unha vía marabillosa para conseguir unha sociedade máis xusta e mellor, para aportar o teu grao de area, para intentar cambiar as cousas e para axudar á xente que realmente o precisa. De un día para outro pódete cambiar a vida e nese momento necesitarás axuda.

Non corras, voa!

As “**Carreiras Solidarias Alas de Vida**” nacen en Burela co obxectivo de:

- 1- Dar a coñecer a enfermidade “**Epidermólisis bullosa**” máis coñecida como “**Pel de Bolboreta**”
- 2- **Recaudar fondos** para que a **Asociación DEBRA** siga coa súa importante función de formación, financiación e investigación. Aportar o noso grao de area para que siga a súa loita por mellorar a calidade de vida dos afectados pola EB e das súas familias.
- 3- Informar e concienciar dos beneficios da **actividade física** e impulsar a **actividade deportiva** a nivel popular co desenvolvemento de diversas carreiras.

Ao final do “Alas de Vida 2015” a **Asociación Cultural Fanto Fantini** (representada por Quico Muñoz e Diego Franco):

- Recaudou **6.234,5€** íntegramente doados á **Asociación Debra**
- Involucrou a máis de **700 persoas** nas diferentes carreiras.



Carreiras solidarias “Alas de Vida” 2016



Programa sábado 24 de setembro):

A *Praza da Mariña* de Burela convértese no cuartel xeral onde se instalan as carpas, unha na que a embaixadora de DEBRA ofrece toda a información solicitada e na que se poden mercar produtos solidarios e outra habilitada para as inscricións de “Alas de Vida” e doazóns.

- 10:30h- III Media Maratón de montaña Alas de Vida: un duro e precioso percorrido polos arredores de Burela e o seu litoral marítimo. Con 400m de desnivel acumulado e principalmente por pistas de terra e carreiros. Con servizo de avituallamento sólido e líquido, duchas e comida ao finalizar a proba para todos os participantes.

O coste da **inscrición** é de **10€** e poderase realizar na páxina da empresa de cronometraxe (www.empa-t.com) e o día da carreira até 30 minutos antes da saída.

- 16:30h- Paseo solidario Alas de Vida: para fomentar o deporte a todos os ámbitos e grupos de idade. Pódense completar os 3km que desde a *Praza da Mariña* á Marosa de mil formas: andando, en patíns, bicicleta, silla de rodas, correndo... O importante é colaborar coa inscrición (orientativa de **3€**, que inclúe o agasallo do emblema da **Asociación DEBRA**), pasar un bo rato e moverse.

Ao final da xornada rematarase con música, chocolatada e xogos para as nenas e nenos.

Para máis información surfea na nosa páxina de facebook [@Alas de Vida](https://www.facebook.com/AlasdeVida)

